

001015 01/02/2010 12:12

Con data 19 de febreiro de 2010 publícase a convocatoria do programa de formación de titores e orientadores académicos, regulándose no apartado terceiro os requisitos para poder participar neste programa.

Un dos requisitos é o de estar matriculado no penúltimo curso, polo que a esixencia de ter superado cando mínimo o 50% dos créditos troncais e obrigatorios limita a posibilidade de participación no programa dos alumnos de titulacións de 3 anos.

Por este motivo, **ESTA REITORÍA RESOLVE:**

**ÚNICO.-** Modifícase o apartado terceiro da convocatoria do programa de formación de titores e orientadores académicos, do curso 2009/10, publicada por resolución do 19 de febreiro de 2010, que queda redactado do seguinte xeito:


**TERCEIRO.- REQUISITOS**

*Para poder participar neste programa, os alumnos deberán ter superado, cando mínimo, o 50% dos créditos troncais e obrigatorios e estar matriculados no penúltimo curso da titulación.*

*Tamén poderán participar os alumnos dos estudos conducentes ás titulacións de Diplomaturas, Enxeñarías Técnicas e Mestres que teñan superado o primeiro curso completo, aínda que non superaran o 50% dos créditos troncais e obrigatorios.*

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2010

O Reitor,



Senen BARRO AMENEIRO

SRA. SECRETARIA XERAL; SRA. VICERREITORA DE CALIDADE E PLANIFICACIÓN, SR. VICERREITOR DE OFERTA DOCENTE E ESPAZO EUROPEO DE EDUCACIÓN SUPERIOR; SRS/SRAS. DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTROS; SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA; SRA. XEFA DO SERVIZO DE XESTIÓN DA OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA; SRA. XEFA DO SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA, SR/SRA. XEFE/A DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA, SRA. RESPONSABLE DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA